

ACTA NÚMERO 6/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 29 DE SETEMBRO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:30 horas, do día vinte e nove de setembro de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D^a M^a Pilar García Pereiro

Secretario acctal:

D^a Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1.-LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 2.-DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA . -
- 3.-SENDA PEONIL NA DP19 14(CARBALLO-P ORTOMOURO P.K. 13+135 Ó 13+490) MARXE ESQUERDA.-
- 4.-MOCIÓNS.-
- 5.-INFORMACIÓNS DE ALCALDIA.-
- 6.-ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- LECTURA E APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-

Pola Presidencia infórmase que o concelleiro do PSdG, sr. García Vázquez realizou unha chamada telefónica para informar que chegaría media hora tarde . Pasado o tempo de cortesía procédese a comezar a sesión, sometendo a aprobación das nº 4 da sesión celebrada o día 28 de xullo de 2016 e a acta nº 5 da sesión celebrada o día 30 de agosto de 2016.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda prestarlle a súa aprobación.

2.-DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-

Pala Presidencia ciase lectura dos títulos dos decretos dende a última dación, comezando polo nº 103 do 13 de xullo de 2016.

Senda as 12 horas e trinta e cinco minutos toma asento o concelleiro do PSdG, sr. Castro Liñares.

Continúa a Presidencia coa lectura dos Decretos e finalizando no número 155 do 15 de setembro de 2016.

O Sr. Alcalde indica se existe algúnha pregunta sobre estes Decreto.

Toma a palabra a concelleira do BNG, Sra.García Pereiro, para interesarse por qué se excluíu a Cristina Suárez para a selección de xefe de brigada de prevención de incendios forestais.

O Alcalde contesta decindo se pode concretar máis, xa que non recorda os motivos exactamente, pero que pode ver o expediente de selección, no que figura o motivo de exclusión.

Senda as 12 horas e cuarenta minutos toma asento o concelleiro do PSdG, sr. García Vázquez.

Pregunta tamén a concelleira do BNG polo pago de gratificación ao traballador J. A. C. C., respondendo o Alcalde que son por facer unha hora a maiores da xornada laboral.

3.-SENDA PEONIL NA DP1914 (CARBALLO-PORTOMOURO P.K. 13+135 Ó P.K. 13+490) MARXE ESQUERDA.-

Explica o sr. Alcalde das actuacións levadas a cabo con respecto do proxecto aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2015.

A continuación dá lectura a moción que presenta o grupo popular e que literalmente dí:

"MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR .-Segundo o disposto no artigo 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o voceiro do Grupo Popular de Tordoia presenta a seguinte moción para a CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA CARBALLO - PORTOMOURO (marxe esquerda), no lugar de Empalme - Anxeriz, en base a seguinte.

=EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.=En Marzo de 2015 polos servizos técnicos urbanísticos do Concello de Tordoia redactouse un proxecto denominado SENDA PEONIL NA O.P . 1914 (CARBALLO-PORTOMOURO) P.K. 13+135 Ó P.K. (13+490) MARXE ESQUERDA, co fin de dar seguridade vial, mellara na calidade de vida dos habitantes do lugar e diminuír o perigo que supón para os seus viandantes. Este proxecto foi aprobado polo Pleno deste concello en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2015, por un importe total de 67.357,34.€., solicitándose da Deputación Provincial o seu financiamento e execución a través de escritos remitidos o 1 de abril e 25 de Maio de 2015, como titular da vía nomeada.

Debido ao número considerable de sinistros de carácter moi grave con resultados de mortos ocorridos nestes dous últimos anos onde se pretende a creación desta senda e polo que se propón ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Reiterar a petición á Deputación Provincial da Coruña e solicitarlle o financiamento e execución á maior brevidade das obras obxecto do proxecto SENDA PEONÍL NA O.P. 1914 (CARBALLO-PORTOMOURO) P.K. 13+135 Ó P.K. (13+490) MARXE ESQUERDA redactado en marzo de 2015 polo enxeñeiro de camiños do Julio C. Rojo Martinez, por importe total de 67.357,34.€., a fin de mitigar o perigo que supón para os usuarios unha vía tan transitada.= Tordoia, a 26 de setembro de 2016.=O Grupo Popular.= Asinado"

Continúa o sr. Alcalde explicando diversas xestións que fixo ao longo deste período e intentando novamente, a través desta moción, para que se leve a cabo o proxecto redactado.

Debatido o tema, sométese a votación co resultado de 9 votos a favor (8 do P.P. e 1 do BNG) e 2 abstencións (PSdG).

Xustifica o portavoz do PSdG, sr. García Vázquez a abstención por varios motivos pero sobre todo que xa está aprobado en un Pleno anterior. Ademais que, se non o fai a Deputación da Coruña, que o faga o Concello igual que fai outras obras.

Continúase cun cambio de opinións quedando aprobado por maioría absoluta a moción presentada polo grupo Popular.

4.-MOCIONS.-

Pola sra. García Pereiro, representante do B.N.G., preséntase a seguinte moción que literalmente copiada dí

"MOCION PARA A REALIZACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DA REGA ATA A PISCINA MUNICIPAL.= Como xa se informou en diversas ocasións, existe un perigo real de accidente peonil na rúa da Rega debido a súa estreita anchura, carencia de beiravía e de beirarrúas. É unha vía moi utilizada a por viandantes que se dirixen á piscina, sobre todo mozos e mozas, pero tamén xente adulta que practica o sendeirismo e que está continuamente reclamando unha solución para este problema.= E por isto que, SOLICITO a aprobación desta corporación para integrar no próximo plan de obras para a seguridade viaria, a realización destas beirarrúas, ou se considera máis apropiado, unhas sendas peonís.= Tordoia a 27 de setembro de 2016.= Asdo.: Pilar García Pereiro.= Concelleira do BNG."

Toma a palabra a concelleira do B.N.G. Sra García Pereiro e explica o sentido da moción, e propón que ao igual que a moción anterior presentada polo Grupo Popular, tratar de solicitarlle á Deputación Provincial a financiación e execución da mesma. Indica que trae esta moción xa que anteriormente incluíra esta petición no apartado de rogos e preguntas.

Toma a palabra o sr. Alcalde e comenta que a raíz da pregunta formulada pola concelleira do B.N.G., fíxose unha memoria valorada por un importe de 66.850 euros propondo remitila ao Organismo Provincial para que o integren no vindeiro orzamento.

Debatido o punto, polos voceiros dos grupos propónse incluíla no próximo Plan de Obras, senda aprobado por unanimidade dos concelleiros asistentes.

5.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Pola Alcaldía dase conta do seguinte:

- A) Información do proxecto do camiño de Carballal de Vila de Abade, custo e traxecto, obra financiada e contratada pola Consellería de Medio Rural.
- B) Agradecemento ao deputado provincial, Xurxo Souto, por dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros e traer a unha persoa para dar información sobre o patrimonio arqueolóxico, organización de visitas guiadas e publicidade do mesmo.
- C) Agradecemento á Deputación Provincial - Vías e Obras, pola redacción do proxecto de Ponte sobre o río Pedrouzo e que hoxe sae publicado no Boletín Oficial da Provincia por un importe de 7.260 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Pregunta o Presidente se algún concelleiro desexa formular algún rogo ou pregunta.

Toma a palabra a concelleira do B.N.G. sra. García Pereiro e indica que presenta por escrito a seguinte información :

- A) Sobre a situación na que se atopa a familia situada na escala de Vilarchán, vínculos con concellos, condicións do contrato.
Responde o sr. Alcalde que se lle dará por escrito pero que lle anticipa que estaban en Anxeriz, nunha construción que estaban reparando tipo fin de semana en bloque e sen luz e lle que mentras se lle deixou o local de Vilarchán, incluso lle fixeron mellara de obra ao citado local. Convída o sr. Alcalde a tódolos concelleiros a que se coñecen algunha persoa máis que estean nunha situación similar a esta familia o fagan saber a Alcaldía, xa que se dispón dalgun local máis e é cuestión de estudar cada caso.
- B) Limpeza da fincas que se atopan en zona urbana e que poida aparecer maleza na estrada.
Responde o Alcalde que se publicou un Bando para que os propietarios cumpriran a limpeza de fincas. Que haberá que revisar quen non cumpre e que se está en zona de dominio público abrigar ao cumprimento da limpeza conforme a lei.
- C) Que se entregue por escrito ou por correo electrónico as actas da xunta de goberno local.
- D) Que se respete a Lei de normalización lingüística, na documentación do concello, incluída a da "Cuenta General", xa que a metade vai en galega e outra parte en español.
Responde o Alcalde que ámbalas linguas son oficiais no territorio.

Toma a palabra o concelleiro do P.S.d G., sr. García Vázquez, para manifestar:

- A) Ao Secretario Acctal, que as actas da Xunta de Goberno solicitadas á Secretaría dende o ano 2011 aínda non se lle enviaron .

B) Referente á ponte de Bardaos se estaba xestionado na anterior lexislatura cando el estaba de deputado.

Responde o Alcalde que foi agora e dalle as grazas á Deputación.

C) Deixar constancia que conviden a todos os políticos do concello cando veñan Deputados a visitar obras provinciais que afecten ao municipio de Tordoia. Que cando visitaron a estrada CP 5901 tramo de Trazo, se lle informaron as persoas da Deputación sobre as melloras da estrada que tamén afecta a Tordoia, xa que nin convidaron ao Alcalde de Tordoia.

Responde o Alcalde que non o convidaron pero que se desculparon por non telo convidado.

O Sr. García Vázquez manifesta que se debe convidar a todos os políticos para que se poidan facer suxerencias polo que se debería facer extensible a reclamación a Deputación.

O Alcalde informa que existe un plan de mantemento da deputación, en canto ao referente aos bacheos, pero se queren facer suxerencias hai que facelo agora e deixar constancia.

Responde o sr. García Vázquez que en canto os bacheos no lle parece ben, que a estrada debería estar en mellores condicións e que se insista en aportar melloras.

Intervén o sr. Cancela Fariña, por parte do P.P. Para indicar que tamén falou cos técnicos da Deputación para as melloras, pero que a contestación que lle deron foi que mentras non se remata de todo non se poder facer como eles quixeran.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos.